


# BIBLIOTECAS DO MUNDO



**Desde a invención da escritura, o ser humano ten producido moitos textos, que ademais se preocupou de almacenar. Por iso podemos considerar as bibliotecas como un auténtico rexistro da nosa especie.**

**Esta é unha homenaxe que lle facemos a este logro indiscutible da Humanidade: o libro e as bibliotecas**

# ANTIGA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

Foi construída o século  
III a.C. na cidade  
exipcia de Alexandría



# ANTIGA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

- Era a máis grande do Mundo Antigo.
- Chegou a ter uns 900.000 volumes.
- Nela gardábanse copias de todos os libros coñecidos do saber




# ANTIGA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

A biblioteca de Alexandría foi o lugar onde o home reuniu por primeira vez, dun modo serio e sistemático, o coñecimento e o saber do mundo



# ANTIGA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

- Foi destruída o ano 415 da nosa era. Con ela desapareceron para sempre obras fundamentais para o saber e o progreso da humanidade.
- A súa derradeira directora, Hipatia de Alexandría, foi asasinada por fanáticos relixiosos



# NOVA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

Inaugurada o ano 2002.  
Ocupa unha superficie  
de 36.700 m<sup>2</sup>



# NOVA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

Conta con 14  
prantas...





# NOVA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

...e o seu moderno  
diseño...



# NOVA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

...simboliza un sol  
iluminando ao  
mundo



# NOVA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

Nos seus muros están  
esculpidos os alfabetos  
de 120 idiomas do  
mundo



# NOVA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

Agardemos que esta  
marabillosa  
biblioteca, construída  
en memoria e  
recoñecemento da  
antiga...




# NOVA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA



...e na que é ben doado  
perderse...

# NOVA BIBLIOTECA DE ALEXANDRÍA

...sexa admirada,  
respeitada  
e conservada polo  
home



por ALFONSO BLANCO



# A BIBLIOTECA VATICANA



**En 1448 o papa Nicolás V fundaba a Biblioteca do Vaticano, aínda que ata 1475, baixo Sixto IV, non tivo o seu primeiro bibliotecario oficial, chamado Bartolomeo Platina.**

**Os seus primeiros fondos constituíronos 350 códices manuscritos (aínda non se inventara a imprenta) en grego e latín.**

**O edificio que a alberga na actualidade, situado na Cidade do Vaticano, data de 1587 e é obra do arquitecto Domenico Fontana.**



**Dado que a Igrexa é unha institución moi antiga e foi moi poderosa, esta Biblioteca é moi rica: hoxe posúe máis de 75.000 manuscritos e 1.100.000 libros impresos.**

**Destes últimos, arredor de 8.500 son incunables, é dicir, volumes impresos anteriores ó ano 1500.**

**Está aberta só a investigadores, mais velaquí a súa web:**

**[http://www.vatican.va/library\\_archives/vat\\_library/](http://www.vatican.va/library_archives/vat_library/)**







**Unha das súas xoias é o *Codex Vaticanus*, o máis antigo manuscrito coñecido do texto da Biblia, en grego: nada menos que do s. IV. Como corresponde á época, o material era o pergameo (pel de animal tratada). O que vedes aquí é unha reprodución facsímil (serigráfica ou fotográfica)**


**Tamén se conserva nesta Biblioteca un dos tres cancioneiros que recollen a produción da lírica medieval galego-portuguesa.**

**Xa que logo, coñecemos a Meendiño, Martín Códax e Paio Gómez Chariño, entre outros, gracias a este manuscrito.**





**No s. XVII separouse do fondo xeral o chamado *Archivum Secretum Apostolicum Vaticanum*, ou “Arquivo Secreto”, que comprendía documentos privados do Papa, moitos dos cales teñen relevancia histórica: entre eles, as actas do proceso contra Galileo ou a solicitude de nulidade matrimonial do rei inglés Enrique VIII.**



**Por moi secreto que sexa, este arquivo ten unha web. Podes mirar a ver se atopas algo que non se quere revelar:**

**<http://asv.vatican.va>**

# BIBLIOTECA NACIONAL



Paseo de Recoletos, 22, Madrid.

[www.bne.es](http://www.bne.es)

Por Mónica Souto

# Historia da Biblioteca Nacional



- Foi fundada por Felipe V no 1712 como Biblioteca Pública Real.
- Curiosidades: por un privilexio real os impresores debían depositar un exemplar dos libros impresos en España.
- En 1836, a Biblioteca deixou de ser propiedade da coroa e pasou a depender do Ministerio da Gobernación, e recibiu por primeira vez o nome de Biblioteca Nacional.

# Funcións da Biblioteca Nacional

- Reunir, catalogar e conservar os fondos bibliográficos producidos en calquera lingua española ou outro idioma, o servizo da investigación, a cultura e a información.
- Fomentar a investigación mediante estudo, préstamo e reprodución de seu fondo bibliográfico.
- Difundir a información sobre a produción bibliográfica española a partires das entradas derivadas do depósito legal.

# Que garda a Biblioteca Nacional?

- 30.000 manuscritos.
- 3.000 incunables (libros impresos antes do 1 de xaneiro do 1501)
- 500.000 impresos anteriores a 1831.
- Máis de 6.000.000 de monografías modernas e cerca de 110.000 títulos de revistas, coleccións de prensa e 20.000 periódicos.
- 100.000 estampas sueltas, 600.000 grabados e 45.000 debuxos
- 800.000 carteis e 2.000.000 de fotografías.
- 500.000 partituras impresas e manuscritas.
- 550.000 documentos sonoros e 80.000 audiovisuais.
- 134.000 mapas e 500.000 postais de cidades e lugares xeográficos.



# Carteis e debuxos




# Mapas

2º plano geométrico de las costas y puertos desde las Islas Sisargas hasta Muros



Rio de Janeiro



Isla de Menorca



# Grabados

Francisco de Goya y Lucientes





Luis de Góngora y Argote



# Manuscritos

## Manuscritos de las Cantigas de Santa María de Alfonso X "el Sabio"



# BIBLIOTECAS POBRES

I.E.S. Fontexería

© Alfonso González Asenjo & María José Barco González 2009



# Bibliotecas Pobres



Biblioteca en Ghana

**A BIBLIOTECA ESCOLAR É UNHA FERRAMENTA MOI IMPORTANTE PARA A EDUCACIÓN**

# Bibliotecas Pobres



Biblioteca no Paraguay

**SE AS BIBLIOTECAS SON IMPORTANTES, AS BIBLIOTECAS ESCOLARES SON IMPRESCINDIBLES, PORQUE AS PERSOAS DE MAÑÁ ESTANSE FACENDO HOXE, NAS ESCOLAS E NOS INSTITUTOS DE TODO O MUNDO.**

# Bibliotecas Pobres



Biblioteca en Liberia



A nosa biblioteca

**AFORTUNADAMENTE, NÓS TEMOS UNHA BOA, AMPLA E COMPLETA BIBLIOTECA; NELA PODEMOS LER, TRABALLAR, ESTUDIAR E PEDIR PRESTADOS LIBROS PARA LEVAR A CASA E USALOS COMO NÓS QUEIRAMOS**



# Bibliotecas Pobres



Biblioteca no Afganistán

**PERO NON HAI BIBLIOTECAS TAN  
BOAS COMO A NOSA EN TODAS  
AS PARTES DO MUNDO.**



Biblioteca no Perú

# Bibliotecas Pobres



Biblioteca en Liberia



Biblioteca en Kenia

**AQUÍ TEDES ALGUNHAS BIBLIOTECAS POBRES; POBRES EN RECURSOS, EN LIBROS, EN MOBLES, EN SILLAS E MESAS. PERO SEGURO QUE CHEAS DE ILUSIÓN POR TER MÁIS LIBROS QUE PODER LER E CONSULTAR.**

# Bibliotecas Pobres



Biblioteca no Paraguay

**TEMOS MOITA SORTE COA NOSA  
BIBLIOTECA;**

**¡ APROVEITÉMOLA AO MÁXIMO!**